



Ferrol, 11 de xaneiro de 2021

Benqueridas Familias:

Informámosvos sobre a reserva de praza para o Bacharelato no IES Ricardo Carballo Calero, centro ao que está adscrito o noso colexio:

### Reserva de praza nos centros de adscrición

Segundo se contempla na Orde do 18 de decembro do 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo do 2013, que desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos, artigo 10.2.

O alumnado que pretenda **CONTINUAR ESTUDOS nun centro de adscrición, para os efectos de reserva de praza neste**, deberá presentar no centro de orixe ou a través da aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) o o modelo normalizado que se publica como Anexo I (formulario normalizado ED550A - completable)

Como sabedes, o noso centro está adscrito ao IES Ricardo Carballo Calero, e por iso tedes alí a praza garantida, sempre que a reservedes neste prazo. Se nese tempo non se entregara a reserva non queda asegurada a praza.

### **O prazo de presentación estará comprendido entre o 11 de xaneiro e o 8 de febreiro.**

Na secretaría podedes recoller o impreso do formulario da reserva de praza para entregalo posteriormente cuberto, e tamén o tedes dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación.

**\*Moi importante: a reserva para Bacharelato adquirirá un carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.**

Se o seu desexo é continuar os seus estudos noutro instituto, terán que esperar a facer a solicitude de admisión no centro que queira, no prazo establecido (do 1 ao 20 de marzo). Este prazo tamén o podería usar para o IES Carballo Calero, en caso de non telo feito en febreiro.